



Traducción

A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo previsto en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su contestación por escrito relativas al paso peatonal en la estación de tren de Santo Estevo de Sil en Pantón.**

En una iniciativa parlamentaria anterior nos dirigimos al Gobierno para trasladarle el malestar de los vecinos de Santo Estevo de Sil en el municipio de Pantón por las obras iniciadas por ADIF para instalar un vallado metálico a ambos lados de la vía en el apeadero de Santo Estevo de Sil, cortando así el paso del que disponían para atravesar la vía de un lado a otro. Una medida adoptada en el marco de las obras de electrificación de la línea Monforte-Ourense.

Los vecinos exigen que se mantenga el paso, única vía para acceder a las fincas y viñedos en terrazas existentes en la ribera del río Cabe. La plataforma que se instaló cerró el paso que daba acceso a los viñedos en terrazas y que actualmente están incluidos en la candidatura de la Ribeira Sacra a Patrimonio de la Humanidad.

De no rectificarse esta decisión, el vecindario quedará aislado sin poder acceder a servicios básicos, como la recogida de basura, que se ubican únicamente al otro lado de la vía, por lo que exigen la restitución del acceso y, de no ser posible mantenerlo en las mismas condiciones, que se garantice el estudio de otra alternativa de paso bien elevado, bien subterráneo, que garantice el mantenimiento de la comunicación entre ambos lados.

En una reciente contestación del Gobierno al BNG del 10 de febrero, se afirma que «no existía ningún paso a nivel en las inmediaciones de la estación, únicamente un paso entre andenes que permitía a los viajeros acceder al andén central» y que con la renovación integral del tramo Monforte-Ourense se estableció un nuevo esquema de vías en el que se eliminó el andén central y se sustituyó por uno nuevo, accesible desde el lado derecho de la estación.

Justifica el cierre y, sorprendentemente, afirma que «con la actuación realizada en el entorno de la estación no se han modificado los accesos a las viviendas ni a los viñedos existentes en



Traducción

el lado izquierdo de la línea», lo que es absolutamente falso como vienen manifestando los vecinos. Lo que sí consigue, como ya hemos señalado, es impedir el acceso al río Cabe y a las tierras de cultivo en terrazas.

A ambas márgenes del río Cabe existen tierras dedicadas a la agricultura y terrazas de viñedos antiguos que son la base o núcleo fundamental en la Declaración de Paisaje BIC DECRETO 166/2018, de 27 de diciembre, por el que se declara bien de interés cultural el paisaje cultural de la Ribeira Sacra y que establece el máximo nivel de Protección Patrimonial para «dicho paisaje BIC». Una declaración como BIC del paisaje por parte de la Xunta, que es el paso previo a la Presentación de la candidatura de la Ribeira Sacra a Patrimonio de la Humanidad, de la que el Gobierno es perfecto conocedor. Por tanto, entendemos que para llevar a cabo el cierre de la estación de ambas márgenes, situada en plena Ribeira Sacra declarada BiC, ADIF debería haber comunicado a Patrimonio Cultural las actuaciones a realizar y contar con la autorización de la Xunta para iniciarlas.

En definitiva, aunque ADIF niegue ahora la existencia de un paso sobre las vías, la realidad es que las vallas metálicas instaladas sobre muros de hormigón cortan los pasos históricos hacia las fincas y viñedos e impiden el cultivo y mantenimiento de un espacio físico en las condiciones adecuadas a la hora de promover su declaración como Patrimonio de la Humanidad, una candidatura basada, precisamente en el valor único que representa la humanización del paisaje del agua, actualmente inaccesible debido a las obras de la estación.

Por todos los motivos anteriormente expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Comunicó ADIF a la Dirección General de Patrimonio Cultural de la Xunta de Galicia las actuaciones que tenía previsto realizar para cerrar el paso y levantar vallados a ambos lados del apeadero de Santo Estevo de Sil en Pantón, al tratarse de una obra que se ubica en un espacio declarado BIC y que cuenta con la catalogación de núcleo? De ser así, ¿cuándo lo hizo? ¿Cuál fue la contestación de la Dirección General de Patrimonio Cultural de la Xunta de Galicia a la ejecución de las obras?
2. Si se solicitó autorización en relación con estas obras concretas, ¿lo hizo con las obras generales que ADIF está realizando para la electrificación de la línea Monforte – Ourense? ¿Se especificaron las obras a realizar en la estación? ¿Tuvieron el visto bueno de la Dirección General de Patrimonio Cultural de la Xunta de Galicia?
3. ¿Habilitará ADIF un paso directo que permita a los vecinos de Santo Estevo cruzar de



Traducción


una orilla a otra como lo hacían hasta que se levantó la valla metálica a ambos lados de la vía para permitir el acceso a servicios básicos como la recogida de basura?

4. ¿Cuál es su disposición a considerar la posibilidad de abrir una cancela a cada lado de la vía? Si esto no es posible, ¿estudiará la posibilidad de habilitar un paso elevado o subterráneo para mantener la comunicación entre vecinos y evitar su aislamiento?
5. ¿Tiene previsto ADIF mantener una reunión con los vecinos afectados y negociar una solución que facilite la movilidad del vecindario y el acceso a los terrenos y viñedos en terrazas?

En Madrid, a 18 de febrero de 2025

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



Pregunta sobre o paso peonil na Estacion de Santo Estevo de Sil en Pantón

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ao paso peonil na estación de tren de Santo Estevo de Sil en Pantón.**

Nunha anterior iniciativa parlamentar, dirixíámonos ao Goberno para trasladar o malestar da veciñanza de Santo Estevo de Sil no concello de Pantón ante as obras iniciadas por ADIF para instalar valados metálicos a ambos lados da vía no apeadeiro de Santo Estevo de Sil, cortando deste xeito o paso que tiñan para atravesar a vía dunha marxe á outra. Unha medida adoptada no marco das obras de electrificación da liña Monforte-Ourense.

Os veciños e veciñas reclaman que se manteña o paso, única vía para o acceso ás leiras e viñedos en bancais que existen na beira do río Cabe. A plataforma que se instalou cegou os pasos que daban acceso aos socalcos de viñedos e que actualmente están incluídos na candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade.

De non rectificar esta decisión, a veciñanza vai quedar illada sen poder acceder a servizos básicos, como a recollida de lixo, que se sitúan unicamente no lado contrario da vía férrea, motivo polo que demandan a restitución do acceso e, de non ser posíbel mantelo nas mesmas condicións, que se garanta o estudo doutra



alternativa de paso ben elevado, ben soterrado, que garanta o mantemento da comunicación entre ambas marxes.

Nunha recente resposta do Goberno ao BNG do 10 de febreiro, afirma que “non existía ningún paso a nivel no entorno da estación, só un cruce entre as plataformas que permitía aos viaxeiros acceder á plataforma central” e que coa actuación de renovación integral del tramo Monforte-Ourense estableceuse un novo esquema de vías no que se elimina a plataforma central que se substitúe por outra nova, accesíbel desde o lado dereito da estación.

Xustifica o fechamento e, sorprendentemente, afirma que “coa actuación realizada no entorno da estación non se variou o acceso ás vivendas nin aos viñedos existentes na marxe esquerda da liña”, o cal é absolutamente falso como veñen poñendo de manifesto os veciños e veciñas. O que si consegue, como xa sinalamos anteriormente, é impedir o acceso ao río Cabe e aos predios de labradío en socalcos.

A ambos lados do río Cabe hai terreos dedicados a labradío e bancais de viñedos milenarios que son a base ou núcleo fundamental na Declaración de BIC da Paisaxe DECRETO 166/2018, do 27 de decembro, polo que se declara ben de interese cultural a paisaxe cultural da Ribeira Sacra e que establece o maior nivel de Protección Patrimonial para “esa paisaxe BIC”. Unha declaración como BIC da paisaxe por parte da Xunta, que é o paso previo á da Presentación da candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade, da que ten perfecto coñecemento o Goberno. Por tanto, entendemos que para levar a cabo o fechamento na estación en ambas marxes, sita en plena Ribeira Sacra declarada BiC, ADIF tería que ter comunicado a Patrimonio Cultural as actuacións a realizar e contar coa autorización e a Xunta para inicialas.

En definitiva, aínda que agora ADIF negue a existencia dun paso sobre as vías, a realidade é que os valados metálicos instalados sobre muros de formigón cortan os pasos históricos ás leiras e aos viñedos e impiden o cultivo e mantemento dun espazo físico nas condicións adecuadas cando se promove a súa declaración como Patrimonio da Humanidade, unha candidatura baseada,



precisamente no valor único que supón a humanización da paisaxe da auga, hoxe inaccesíbel pola obras na estación.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Comunicou ADIF á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galiza as actuacións que tiña previsto facer para fechar o paso e levantar balados en ambas marxes do apeadeiro de Santo Estevo de Sil en Pantón, posto que se trata dunha obra que se sitúa nun espazo declarado BIC e que ten a catalogación de núcleo? De ser así, cando o fixo? Cal foi a resposta da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galiza en relación á execución das obras?
2. Se foi solicitada autorización en relación a esta obra en concreto, fíxoo coas obras xerais que está a executar ADIF para a electrificación da liña Monforte – Ourense? Especificábanse as obras a realizar na estación? Contaron co visto e prace da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galiza?
3. Habilitará ADIF un paso directo que permita á veciñanza de Santo Estevo atravesar dunha marxe a outra como facían até que se levantou o fechamento metálico en ambos lados da vía férrea e permitir así o acceso aos servizos básicos como a recollida de lixo?
4. Que disposición ten a considerar a posibilidade de abrir unha cancela en cada lado da vía? De non ser isto posíbel, estudará a posibilidade de habilitar un paso elevado ou soterrado para manter a comunicación dos veciños e veciñas e impedir o seu illamento?



5. Prevé ADIF manter unha reunión cos veciños e veciñas afectados e negociar unha solución que facilite a mobilidade da veciñanza e o acceso ás terras e bancais de viñedos?

Madrid, a 18 de febreiro de 2025

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso